



Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Federación Galega de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia (FEAFES) para o financiamento dos seus programas dirixidos a persoas con enfermidade mental residentes na Comunidade Autónoma de Galicia e do mantemento da entidade

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade,

DECLARA:

Que esta dirección xeral ten previsto formalizar coa Federación Galega de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia (FEAFES) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 01/01/2017 ata o 31/12/2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o mantemento da entidade e as seguintes prestacións:

A información, orientación e atención socio-familiar.

O asesoramento e apoio xurídico especializado sobre os aspectos legais relacionados coas enfermidades mentais e os seus familiares.

O fomento da autonomía persoal das persoas con discapacidade por mor dunha enfermidade mental e de atención a domicilio e transporte no medio rural.

O mantemento, coordinación do movemento asociativo, representación e interlocución institucional e servizo de comunicación externa da federación.

O plan anual de formación para profesionais, coidadores non profesionais e profesionais dos servizos sociais, estudantes e persoas interesadas no ámbito da saúde mental.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.





Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte: a entidade aparece expresamente reflectida no estado de gastos dos orzamentos da comunidade autónoma de Galicia para o ano 2017 como beneficiaria individualizada así como o obxecto subvencionado e a súa dotación orzamentaria

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, a 29 de marzo de 2017.

